

ARTE



Imaxe da exposición do pintor galego Gregorio Ferro Requeixo, na parroquia de Santa María de Lamas, no concello coruñés de Boqueixón

Homenaxe en Boqueixón a Ferro Requeixo

O pintor Gregorio Ferro Requeixo (1742-1812) é unha figura clave no panorama do Neoclasicismo galego, a pesar de que a súa personalidade artística, como a doutros moitos coetáneos seus, quedase eclipsada pola inabarcable personalidade de Goya.

Nacido nos somentos do Pico Sacro, moi preto da Igrexa parroquial de Santa María de Lamas, no concello de Boqueixón (A Coruña), é neste templo precisamente onde se exhibe ata o vindeiro 13 de febreiro a exposición-homenaxe a este coñecido artista galego.

Os organizadores, coa comisaria Esperanza Lema Bouzas á fronte, conseguiron reunir obras significativas procedentes de diversas institucións, museos, mosteiros, a catedral compostelá, a Universidade de Santiago, a Deputación da Coruña, ou a galería Segade de Vigo.

Reunidas aquí, no medio rural, nun grande esforzo por exaltar e darlles a coñecer ós veciños unha obra analizada en profundidade por estudiosos como J.M. López Vázquez e E. Fernández Castiñeiras, entre outros, a exposición é un acerto.

Ferro Requeixo, pasou, tras uns primeiros contactos co medio pictórico en San Martín Pinarío, a ser alumno da Real Academia de Belas Artes de San Fernando; desde moi novo foi abtendo numerosos premios e éxitos entre os que destaca o seu triunfo sobre Goya co que competiu (e conseguiu) polo cargo de director xeral da citada academia.

Para algúns, só este feito o fai merecedor dun cadro de honor na Historia da Arte, a pesar de que para moitos outros outros a súa pintura non alcanzou, nin de lonxe, a relevancia do xenial e universal artista aragonés.

O pintor de Boqueixón encádrase nesa primeira xeración a cabalo entre a artificialidade rococó e as novas premisas clasicistas. Paulatinamente, as súas obras ganan en severidade seguindo os postulados do pai do

novo estilo, Mengs, as ensinanzas do cal se baseaban en estudia-la Antigüidade e copiar ós grandes pintores. Ante a dúbida, a súa paleta adopta o novo estilo.

A maioría dos seus traballos realizados por encarga. Tal como pode apreciarse nesta exposición, a maioría estiveron relacionados co ámbito relixioso, entre os que figuran varios retratos destinados ó mosteiro de San Salvador de Celanova. É moi notoria a presenza do fundador deste mosteiro, San Rosendo, e da súa familia, que no seu día realizaron importantes achegas para o engrandecemento do coñecido cenobio beneditino. Como ben estudiou e analizou López Vázquez, os rostros do santo, a súa nai e unha das súas fillas enmárcanse nunha auréola luminosa, moi ó xeito de Mengs. Resulta estraño que o halo envolva o rostro da nai do santo cando aínda non fora canonizado.

Nestas primeiras obras, como no retrato da súa filla 'Dona Hermisenda', aínda non hai un dominio da perspectiva nin se manteñen harmónicas as proporcións anatómicas.

Ofrécese non obstante un tipo de retrato de parque habitual na pintura inglesa: a nobreza da retratada desfrutando do seu contorno e practicando o labor de bordar, non só como actividade lúdica senón como trazo de virtuosismo e prudencia. O feito de que borde a imaxe de San Xosé co neno, vincula a escena ó familiar e a importancia dos pais na educación dos fillos. O retrato dos príncipes de Asturias, para o daquela Hospital Real de Compostela, é unha copia dos de Mengs.

A plenitude de seu quefacer artístico acádaa en torno a 1790. É entón cando loce unha técnica depurada, consegue o sfumato atmosférico e a súa paleta se volve fría ata caracterizar un estilo propio que transcendeu ó paso do tempo.

A esta época corresponde o 'Retrato do escultor Felipe de Castro', do

que foi discípulo, encargo procedente do claustro de profesores da Universidade de Santiago con destino á Biblioteca Universitaria.

López Vázquez, nun estudio exhaustivo sobre esta obra, encádraa na tipoloxía de retrato historiado onde a alma do personaxe transcende do lenzo segundo as coordenadas goyescas. Ferro, ó pintar ó seu antigo mestre, representao mirando ó espectador, no seu estudio, de pé cunha obra súa, o busto do Padre Sarmiento.

A man esquerda apóiaa sobre a cabeza dun león, xesto realizado con moita intención, fai identificalo personaxe coa súa obra máis emblemática: o león esculpido para a fachada do Palacio Real madrileño. A antiga polémica sobre a consideración social do artista, que era visto como un simple artesán, queda resolto ó presentalo como un filósofo coroado por un ampuloso turbante, nunha pose e vestimenta de auténtico galán.

O feito de que a escultura figure no medio doutras dúas artes, arquitectura e pintura, representadas polos seus instrumentos materiais, exalzan a notable superioridade do escultor sobre arquitectos e pintores, que tamén defendeu Miguel Ángel no seu momento.

Os seus anos finais corresponden as pinturas para os novos retablos do trascoro da catedral compostelá, que non se chegou a materializar.

Analizando 'A Anunciación' como temática relixiosa, segue coas poses elegantes de Mengs e dos grandes mestres en detrimento de modelos naturais. Aínda hai resabios dezaoitescos nunha composición na que se aprecia o afinado do trazo e un interese no anecdótico.

Merece toda sorte de parabéns que un municipio, aparentemente tan modesto, como Boqueixón recorde a un dos seus fillos máis preclaros cunha antoloxía que merece a pena visitar.

Fátima Otero

CINE

Alta precisión

Hai directores ós que non os ataca o éxito temperán. Steven Soderbergh é un deles. Despois dun arrinque espectacular da súa carreira (con só 26 anos levou, vai disto unha ducia de anos, a Palma de Ouro do festival de Cannes) soubo experimentar, crear, aprender, perfeccionarse, domina-la fotografía, compaxinar obras rendibles con exercicios de estilo ata ser capaz de dirixir 'Traffic', tal vez a obra de maior enxeñería cinematográfica por el creada. E agora, 'Ocean's eleven', outra mostra da súa sabedoría, da mestría que vai adquirindo sen disimulo en cada filme.

A película, inspirada en 'La cuadrilla de los once', aquela na que Frank Sinatra enredaba cos seus compañeiros de esmorga nas Vegas (tanto os na vida real coma na película), non ofrece ningunha novidade en canto ó asunto que nos conta, non é un prodixio de orixinalidade. Un atraco sen falla contra tres dos máis poderosos casinos de Las Vegas propiedade dun guapo, duro, intelixente e ambicioso home de negocios, once especialistas indiscutibles que xuntan o seu talento ó servizo do fin último, unha muller bela e un combate de boxeo do século dos moitos que se celebran na famosa cidade do xogo. Sabemos desde o comezo o que se vai atracar, con quen quedará a moza bela, as dificultades coas que contará tal empresa, pero a habilidade do director, o magnetismo dos actores, a precisión con cada impulso no ritmo (sempre medrando) e da evolución narrativa (sempre aportando claridade) conseguen que nos mantemos sentados na butaca.

Claro que a isto tamén contribúe sen dúbida a nómina de actores, porque xa me dirán que fan vostedes se ven aparecer a George Clooney saindo do cárcere, vai directo detrás de Brad Pitt para convencerlo do seu proxecto de golpe, contactan logo con Matt Damon, e por riba, despois de outras eficaces visitas recollendo o mellor de cada casa na súa especialidade, entran no casino e descubren que o dono é Andy García arimado a Julia Roberts antiga muller de George Clooney... ¿Que farían se o director é quen de llos mostrar claros, sintéticos, seguros, espléndidos? Pois o que todos: permanecer enganchados ata o último plano.

Iso que no conxunto o xogo resulta frío. Un entretemento matematicamente filmado, pero tal vez algo coxo pola lentitude do comezo e a frialdade e lixeireza do conxunto. Se ó magnífico labor do director xa mencionado, tamén da súa fotografía, á exacta montaxe de Stephen Mirrione e ó encanto da interpretación, se lle puidese engadir unha miga de ironía no guión e unha pequena dose de alma nos personaxes, tal vez estaríamos a falar dunha peza de cine firme e duradeira. Así, estamos diante dunha obra de entretemento de alta precisión.

Miguel Suárez Abel